

Maio de 2015

Número 7

# Espazo FEE

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A REVISTA DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



**A acción titorial mediante o *Coaching***

**Saiamos da crise co pé bo**

**Exposición Bravú XX**

**Lingua, Palabra, Fala**

**As competencias informáticas e informacionais  
na Universidade**

## Editorial

Estamos a piques de rematar o presente curso. Queda o treito final, que adoita caracterizarse polos períodos de avaliación das diferentes materias. Alén de valorarmos o rendemento académico dos nosos estudantes, tamén cómpre aproveitarmos o momento para reflexionar de maneira crítica sobre o labor docente, investigador e de transferencia co fin de tirar as conclusións oportunas que nos permitan mellorar tanto do punto persoal como colectivo.

Este curso comezou coa renovación da acreditación dos graos de Economía, ADE e Empresariais, e o Mestrado Universitario en Banca Finanzas. Esta boa nova evidente non debe ser interpretada como a culminación do obxectivo da calidade, senón como un incentivo para seguirmos a traballar a través da formulación e implantación dos plans de mellora oportunos. Todos os que coñecemos a vida cotiá da facultade sabemos que existe unha gran cantidade de cuestións que son “manifestamente mellorables”: desde unha revisión en profundidade dos plans de estudo actuais para facelos máis racionais, consistentes e achegados ao que a sociedade demanda dun titulado, até a posta en práctica de métodos docentes capaces de motivaren os estudantes para que sexan capaces de adquirir as competencias dos diferentes graos e mestrados dun xeito eficaz.

Infelizmente, **as políticas universitarias que estamos a padecer non axudan a que o profesorado desenvolva o seu labor con ilusión e implicación.** Porén, cómpre erguer a vista e facer un chamamento explícito á vocación e ao compromi-

so coa institución e co traballo ben feito, malia que quen nos goberna pareza infravalorar -cando non desprezar abertamente- o noso papel dentro da sociedade. É difícil garantir a continuidade dos grupos de investigación cando existe unha política científica miope que é incapaz de propor unha carreira investigadora atractiva ás persoas que rematan os seus mestrados de maneira brillante e queren ficar na universidade para realizar unha tese de doutoramento que lles abra a porta do mundo académico. Non resulta doado manter un nivel digno, non xa excelente, na docencia impartida cando quen ten as competencias da educación universitaria pon todo tipo de atrancos normativos e legais para impedir que os cadros de profesorado estean ben dotados e retribuídos economicamente.

É máis que evidente que na nosa facultade existe un gran voluntarismo por parte dunha boa maioría dos profesores e do membros do persoal de administración e servizos. En todo caso, lamentablemente sempre hai persoas -probablemente unha minoría- que coas súas actitudes empanan a imaxe do centro e, por extensión, a da universidade. Adoitan actuar ao abeiro das fendas que existen nun sistema organizativo complexo, cun sistema de control pouco desenvolvido e altamente ineficiente. Non sería intelixente permitirmos que as malas prácticas dunha minoría fosen as que o conxunto da sociedade percibise como a pauta común de actuación do conxunto do colectivo de profesores, estudantes ou do persoal de administración e



servizos. Adoita ser frecuente que os gobernantes, considerando interesadamente a parte polo todo, xustifiquen de maneira renarte as súas lesivas políticas cara á universidade pública pola existencia deses comportamentos claramente minoritarios, mais tremendamente visibles no exterior.

Por iso, nun sistema tan garantista como o que define o goberno da Universidade, **é fundamental que todos deamos exemplo de bo facer** e contribuíamos a corrixir as actitudes daqueles que non só non serven a institución, senón se valen dela para a consecución de obxectivos particulares. Non debemos mirar cara a outro lado nin encoller os ombros, agardando que outros sexan os que arranxen as disfuncións detectadas. Ás veces, a corrección respectuosa dun compañeiro pode ser moitísimo máis eficaz que unha sanción administrativa imposta por un cargo académico. Isto non significa que teñamos que renunciar a un sistema organizativo máis eficiente na detección e corrección destas anomalías, senón que todos, de maneira persoal, debemos asumir a responsabilidade de mellorar a institución en que traballamos e desde a que estamos a contribuír a que a sociedade goce de maiores niveis de benestar e progreso.

## O galego e a proxección exterior da Universidade da Coruña

O día 20 de abril visitou a UDC un grupo de 37 alumnos e alumnas da Universidade de Zürich, acompañada pola catedrática de Literatura Itziar López Guil e polo catedrático de Lingüística Johannes Kabatek. A viaxe foi organizada no marco de dous seminarios, un sobre “A narrativa de Álvaro Cunqueiro” e outro sobre “A lingua galega: historia e actualidade”, impartidos respectivamente por estes profesores. Cómpre dicir, de entrada, que o alumnado posuía coñecementos de lingua galega, que entendía perfectamente, e algúns falábanla con corrección porque a estudaran como materia na súa universidade; un alumno de posgrao, en concreto, mesmo está a realizar a súa tese de doutoramento sobre aspectos do galego medieval. Tamén se debe resaltar que algunha obra de

da comunidade galega e das súas universidades. Así, a USC xa vai pola XVIII edición do seu curso de verán para xente de fóra, por onde pasaron persoas de todo o mundo que hoxe son especialistas en lingua ou literatura galegas e que, alén disto, se converteron en grandes divulgadoras da cultura galega nos seus países respectivos. A UDC tamén vén organizando un Curso de Verán para Persoas Estranxeiras desde o ano 2007, de modo que neste ano 2015 se realiza a novena edición. Este curso lévase a cabo no mes de xullo e ten unha media de 20 alumnos e alumnas por ano, procedentes de países como Alemaña, Austria, Australia, Croacia, Estados Unidos, Francia, Italia, Polonia, Inglaterra, República Checa ou Rusia. **A través destes cursos a UDC dáse a coñecer polo mundo** e non é raro o feito de algunhas destas persoas se animaren a completar os seus estudos nalgunha das titulacións desta institución.

pouco triste non podermos presumir diante de persoas que veñen de fóra dunha maior presenza da “lingua propia” da institución neste ámbito, en contraste co que acontece nas universidades vascas e catalás.



Após visitaren tamén a USC, continuaron a viaxe até a cidade do Porto, porque o seu profesor de lingua galega, o alemán Johannes Kabatek, grande coñecedor e investigador sobre o galego, ben lles terá explicado que esta lingua non morre no río Miño; polo contrario, é porta de entrada para o mundo lusófono e permite a comunicación con máis de douscentos millóns de persoas en todo o mundo.

O galego, pois, non fecha portas, tampouco na UDC, e é un instrumento útil para esta avanzar na súa internacionalización. Mágoa que na comunidade universitaria non haxa plena consciencia disto e que non se aproveite mellor o seu potencial.

Servizo de Normalización  
Lingüística da UDC



Cunqueiro fai parte das lecturas obrigatorias na carreira de Hispánica desda universidade suíza. É este un exemplo de que a lingua e a literatura galegas interesan tamén no estranxeiro, ben lonxe daquel tópicos de o galego non ser útil alén do Padornelo.

Non só é útil como mesmo un valor importante na proxección exterior

Na visita do alumnado e profesorado da universidade suíza á UDC mostraron interese en coñecer o Servizo de Normalización Lingüística, cuxa estrutura, funcións e actividades lles foron explicadas polo seu director; este tamén se referiu á situación do galego na vida universitaria, tema por que mostraron interese, a exteriorizaren a súa sorpresa polo escaso uso que ten na docencia. Certamente, vira un

## A acción titorial mediante o *Coaching*

Hai uns tres meses aproximadamente que nas aulas do CUFIE se desenvolveu o **curso de formación do profesorado** co título "A acción titorial mediante o coaching. Nivel introductorio".

Os obxectivos do curso eran: reflexionar sobre as funcións do PAT, poñer a disposición dos interesados o *coaching* e as súas ferramentas para desempeñar de forma eficiente esas funcións, concienciación e desenvolvemento das habilidades persoais para o exercicio do PAT, e practicar as ferramentas analizadas.

Este curso inicialmente espertoume moita curiosidade, porque o coaching é un termo que se usa desde hai relativamente pouco e non sabía con exactitude de que estabamos a falar cando o empregabamos. Inicialmente eu asociábao a un adestrador, pero sen precisar

máis. Despois de estar un par de horas no curso cheguei á conclusión de que o *coaching* se relaciona moito coa psicoloxía, pero con diferenzas. Entre as anotacións que fun tomando resalto algunhas ideas:



Que non fai o *coach*? Non asesora, non aconsella, non realiza terapia, non vulga, non interpreta, non é un consultor, nin un asesor, nin un psicólogo. Que si fai o *coach*? Escoita, observa, pregunta, fai que a persoa tome consciencia, reflexione, actúe.

Xeneralidades do *coaching*: axudar a aprender en lugar de ensinar,

colaborar a converter cada meta nun triunfo, identificar o lugar en que está cada persoa e onde quere ir, aprender a escoitar e a facer preguntas dunha maneira diferente, mellorar o traballo da persoa a partir de eloxios e retroalimentación positiva.

O curso impartido por compañeiros da UDC gustoume moito. Outras palabras que se pronunciaron alí foron *empatía, persuasión, comunicación interpersonal, motivación*, que me parecen cheas de contido e que non necesitan máis explicación.

*María Carmen Sánchez Sellero (PDI)*



## Saiamos da crise co pé bo

Hai agora un ano escribín nesta mesma revista como a saída da crise se levaría a cabo unicamente se o sector da construción conseguía volver ter crecemento, xa que sería nel onde o número de empregados podería medrar de maneira tan significativa como para ver cambios nas taxas de paro.

*Temos que aprender dese duro golpe*

Pasou xa o tempo e tanto as grandes construtoras como todo o seu sector auxiliar comezan a ofrecer resultados con beneficios sólidos e a ampliar o seu persoal, pero non só iso, senón que España

se sitúa como destino preferente para os investimentos internacionais no ladrillo, coas súas sociedades cotizadas como punta de lanza, as SOCIMI.

Nós mesmos temos diante da Universidade da Coruña obras que, tras levaren paradas un longo tempo, volven funcionar a un ritmo parecido a tempos anteriores á crise.

Ademais disto, vemos en todos os medios o xa denominado "milagre español!". Igual é casualidade que estas dúas situacións se dean á vez... (permitídemme dubidalos).

Mais naquel artigo, o cal agora xa parece doutra época, acababa

demandando unha miga de responsabilidade coa sociedade e pedindo unha maior regulación na adxudicación de contratos e no cumprimento destes. Pois, insisto, os tempos que pasamos non poden ser tratados coma un simple arrefriado que tivemos que pasar. Temos que aprender dese duro golpe que sufrimos para seguir consolidando a nosa recuperación e non deixar que máis adiante volvamos sufrir do mesmo mal que tanta saúde nos quitou.

*José Manuel Montero Luis  
Estudante do último ano  
Grao en Economía*

# Exposición Bravú XX

## Tanta paixón quen poderá detela!



A exposición "Bravú XX. Tanta paixón quen poderá detela!" é unha versión itinerante da grande mostra que visitaron máis de 4000 persoas no Pazo da Cultura de Pontevedra o pasado ano, desde o mes de novembro ata o Culturalgal.

Bravú XX está organizada polo Concello de Pontevedra, a través da Concellaría de Normalización Lingüística, para celebrar os 20 anos do nacemento deste movemento cultural que transcendeu o eido da música e abrangueu diversas expresións culturais, conseguindo que a lingua galega fose a canle común de creación para chegar a cada recuncho da nosa terra e aínda traspasar fronteiras.

A mostra orixinal, que se expuxo no Pazo da Cultura, contaba con discos, CD, camisolas, chapas, carteis, paneis informativos e instrumentos musicais... sendo a primeira exposición de lonas de gran formato do rock galego. Para a itinerancia houbo que prescindir dalgúns destes elementos, pero a esencia e a historia do movemento Bravú están perfectamente reflectidos en:

• 8 paneis temáticos:

• Panel 1: Tanta paixón quen poderá detela! "Nos 90 as guitarras eléctricas chegan á aldea"

• Panel 2: Smells like wild spirit "Cheira como a caña brava" (José

Colmeiro, Michigan State University) "Na antítese do concepto de Morriña está o bravú" (Miguel Anxo Murado, "Outraldea de Galicia")

• Panel 3: Entre o rubán e o glocal (José Colmeiro). "O único xeito de chegar a ser realmente cidadán do mundo, é comezar por coñecer esa parte do mundo na que habitas"

• Panel 4: Bravú, a revista que sae cando a situación o require

• Panel 5: Que gusto é dar gusto a quen gusto sabe dar. "Nesta terra de mulleres que sementan berberechos na ribeira e patacas na eira" (As Garotas da Ribeira)

• Panel 6: Sesión bravú "Somos festivaleir@s". "Eu fun á feira de San Sadurniño, cansemede viño, de rir e troular" (O Cuco de Velle)

• Panel 7: Andar polo mundo que bonito é!. "Desta aventura sairán cousas con vida propia" (Manu Chao)

• Panel 8: E de remate...que continúe! (Alexandre de Fisterra, inventor de fútbolín)

- e tamén....

• 8 bustos con camisetas da época e textos con achegas dos grupos

Esta exposición axuda a comprender mellor o movemento bravú e a súa importancia para a lingua e cultura galega. "A noite de Santos de 1994, nunha taberna de Viana, Chantada, naceu o bravú. Unha etiqueta creada polos propios

músicos que serviu para bautizar o rock cantado en galego, magma vizoso que entón estaba a agromar por todo o país. Vinte anos despois cómpre lembrar o comezo desta aventura. **Unha referencia cultural e unha proposta de traballo colectivo** que as persoas máis novas teñen dereito a coñecer.

O bravú comezou sendo guitarra e distorsión, mais axiña estendeu o seu berro de vida por outros camiños. Nesta exposición queremos recoller ese proxecto de axitación xeral, alicerce dunha tradición, e tamén impulso creativo para os novos tempos" (Xurxo Souto).

*Servizo de Normalización Lingüística  
Concello de Pontevedra*



## Reflexións dun economista labrego

A experiencia na vida ensinoume a forma de convivir na sociedade.

Desde unha óptica colectiva, onde as distintas persoas teñen que facer esforzos para mellorar a súa satisfacción persoal, tanto no traballo como no tempo de ocio, podemos dilucidar que non se considera un sacrificio ter que empregar o noso tempo dedicado aos demais, sempre e cando este tempo se vexa recompensado coa felicidade.

Nos tempos que vivimos é case un milagre obter un salario ou remuneración por realizar unha actividade laboral da que sentímonos orgullosos. Non só por traballar en algo que nos gusta, en algo no que estamos especializados, en algo polo que se obtén unha remuneración que

ilusiona, senón polas repercusións que ten tal actividade no mundo globalizado. Estamos a falar da competitividade global, onde, sen decatármonos, os países desenvolvidos estamos a desfavorecer o crecemento dos países menos favorecidos impedindo a igualdade de oportunidades. Isto é coñecido como *a teoría do decrecemento* desprezada polos nosos dilixentes.

Desde unha óptica individual, e tras a miña infancia en contacto coa terra e os animais, gustárame que os lectores deste artigo comezasen a abrir a súa mente antes de cada acción de compra. É ben certo que, como xa tratou Maslow, as necesidades básicas da clase media nos países desenvolvidos están satisfeitas, e o home busca sempre superar-

se a si mesmo. Quizais non sexan tan necesarios os obxectos materiais para obter a ansiada felicidade, e deberíamos de considerar como eran as vidas dos nosos antepasados, onde, ata as portas da casa permanecían abertas pola confianza que depositaban na contorna.

A tendencia do capitalismo, a manipulación dos medios de comunicación, as modas etc.... converten en necesario para a sociedade diversos bens e servizos sen os cales as persoas non se senten integradas no seu grupo de confluencia.

A sociedade, a cultura, a satisfacción persoal están en crise, polo que debemos reconsiderar onde está o límite da felicidade!!!

*Javier Cordal Lagares*

## Un xardín para Luísa

Un xardín para Luísa (proposta para o XI Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras) é o proxecto para a realización dunha **campaña de normalización da lingua galega entre os estudantes universitarios**. Tendo en conta o décimo aniversario do pasamento de Luísa Villalta, a proposta vai procurar inspiración na súa persoa, co obxectivo de achegala aos estudantes a través da lembranza das súas grandes paixóns: a poesía e a música.

*Busco a voz natural, o eco dun canto e a rosa do centro*

Luísa Villalta.

Inspirados polas palabras de Luísa, buscaremos nos campus espazos onde a voz se faga oír, onde a poesía atope o seu lugar, onde a música nos acompañe. Un lugar onde a vexetación e a natureza sexan o centro e o soporte de actividades.

Onde aquelas persoas que procuren un lugar apartado para ler un libro poidan atopalo, á sombra dunha árbore nos meses de calor ou baixo os mornos raios de sol no inverno. Onde outros se xunten para compartir opinións e escoitar ou componse novos sons, nun contorno de natureza que potencie a sensibilidade e a creatividade.

O proxecto baséase, por tanto, na creación de "xardíns para Luísa" nos distintos campus universitarios. Para levalo a cabo, proponse a realización de obradoiros integrados por estudantes de distintas especialidades que poidan achegar o seu punto de vista e os seus coñecementos. Deste xeito estamos ante un proxecto transversal, coa lingua galega como canle impulsora de toda a intervención, na que estudantes de distintas disciplinas teñen a oportunidade

de traballar en conxunto, aprender e reflexionar sobre a figura de Luísa Villalta e participar na creación dun espazo que posteriormente poderán empregar para as súas actividades.

*Nuria Freire González e Camilo Blanco Pampín*  
Arquitectos e doutorandos pola UDC  
[cenarquitectos.com](http://cenarquitectos.com)



## Lingua, Palabra, Fala

A xente culta, en xeral, preocúpase pouco das cuestións relacionadas coa lingua, ten os conceptos comúns e pouco se entretén coa ferramenta que nos converte en seres humanos capaces de comunicarnos, expresar o que sentimos, pensar e dialogar. Sen ela ao home serialle moi difícil, se non imposible, progresar.

**A lingua créana os pobos como algo necesario.** É, por tanto, unha convención, que xeración tras xeración van perfeccionando. Primeiro fálase e moito tempo despois, algúns deses pobos, por propia iniciativa ou por imitación doutros, comezan a escribir. É un proceso moi lento e difícil, pero especialmente importante, pois fai entrar os pobos na historia, dar razón de si mesmos e fixar e acumular o coñecemento adquirido ao longo do tempo. Este feito conforma a cultura, que vai evolucionando, enriquecéndose, tantas veces co doutros pobos como pasou no Mediterráneo, primeiro cos gregos, logo cos romanos que copiaron o que lles interesou, de tal maneira que fixo que alcanzasen un grande avance na súa situación cultural: pasaron dun estado case primitivo a, en pouco tempo, ser un modelo clásico, por medio da escola, de aí a súa importancia. Despois da caída do seu imperio viñemos nós, por iso as nosas linguas son románicas.


Os galegos, porén, temos unha lingua que vén do latín xunto co que había antes deles e os engadidos posteriores (por exemplo, xermánicos). Todo isto determina que os galegos teñamos unha idiosincrasia e tamén unha visión do mundo propias. A lingua dános

unha maneira particular de ser e de pensar en todo o que facemos, crea a propia identidade, de aí que se lle chame *lingua materna*, porque ímola aprendendo directamente da nosa nai e da nosa contorna. Nela gárdase o máis íntimo de nós, o que fai que a lingua así aprendida cre unha capacidade especial para entendela, á que chamamos *sentimento lingüístico*, que se ten por nacer nela e é moi difícil de alcanzar para quen vén de fóra. Certamente a lingua é algo inabarcable, formada por tantos campos, tantos recunchos que é, en realidade, case imposible poder aprendela toda ao longo dunha vida. Hai que ter isto presente cando se fala do dominio de varias linguas: cal é ese dominio?

Cando se realiza a lingua prodúcese o que chamamos a *fala*, idea común na xente, mais o concepto foi creado por Saussure, fundador da Lingüística, que se converteu nunha ciencia con todas as letras a principios do século pasado e conseguiu –e segue a conseguir– grandes avances. Desque Dionisio Tracio creara a gramática en Alexandría, no século II antes de Cristo, e fora pasando a través do tempo con pequenos cambios ata a chegada deste profesor non ocorrera nada semellante.

As palabras son coma os ladrillos da lingua, gardan o significado das cousas, levámolas dentro no almacén invisible da memoria constituídas por dúas realidades: a

material do seu son e a inmaterial do significado que se combinan por unhas normas que chamamos sintaxe, implícitas na aprendizaxe. Para un falante nativo non presentan problemas, pero si para os estranxeiros que fan mal as concor-



dancias, o mesmo que a pronuncia de certos sons, o cal sempre os delatan.

Para rematar eu recomendaría moi vivamente a lectura dalgunha historia da lingua galega, por exemplo, a de Ramón Mariño Paz, editada por Sotelo Blanco, xa hai uns cantos anos, que é moi clara, amena e completa. Iriamos descubríndonos pouco a pouco con ela. Sempre e enriquecedor saber máis da lingua, pois iso significa tamén saber máis de nós.

Antes de despedirme vou deixarvos un pequeno poema do meu libro *Herba do tempo* que di así:

*Hai cousas tan pequenas, case nada,  
que nin sequera ves se non te paras,  
pero despois de descubertas, todo  
son milagres, acougos brandos: mares.*

Xosé Abeal

## Da comisión de normalización ao espazo público: o muíño da lingua

O muíño da lingua é unha actividade de dinamización lingüística levada a cabo pola CNL da Facultade de Ciencias e o Servizo de Normalización Lingüística da UDC, consistente na instalación no espazo público dun mobiliario para a comunicación e o intercambio.

Na xeración de internet, onde semella que todo acontece a través do teléfono ou do ordenador, o espazo público queda nun estraño baleiro, nunha terra de ningures que o galego ten a oportunidade de recuperar mediante actuacións dinamizadoras que ofrezan aos mozos algo que se está a perder: **o contacto directo, intercambio de opinións e gustos** non só con xente do outro lado do mundo. O obxectivo é ligar os conceptos espazo

publico e galego, que o simple feito de pasear por un dos nosos campus estea a invitarnos a recibir e/ou crear nova información.

O muíño está formado por oito caixas unidas por dúas circunferencias transparentes. A súa finalidade é albergar papeis escritos polos propios universitarios co contido que queiran, de xeito que ao deixar o seu, recollen outro que alguén depositou previamente. Ábrese así unha nova canle de comunicación, non dirixida, entre dúas persoas que se coñezan, senón que se xoga co factor sorpresa, onde nunca sabes que é o que vas atopar. A idea é que, ao igual que unha mensaxe nunha botella, a xente deixe mensaxes, obxectos, libros de intercambio, discos etc., e recolla outros.

Cremos que é importante coidar as redes locais: Todos os estudantes teñen moito en común, pero moitas veces non falan por vergoña. Talvez un elemento como o muíño poida ser ese detonante que propicie o primeiro contacto.

Aínda que acaba de cumprir dous anos desde a súa instalación, o muíño segue a disposición da comunidade universitaria e está aberto a ser empregado por calquera persoa ou colectivo de xeito creativo para comunicarse.

*Nuria Freire González e Camilo Blanco Pampín*  
Arquitectos e doutorandos pola UDC  
[cenarquitectos.com](http://cenarquitectos.com)



**A idea é que a xente deixe mensaxes, obxectos, libros de intercambio, discos etc., e recolla outros.**





## Os retos do mercado laboral fronte á recuperación económica

España pechou o cuarto trimestre de 2014 cunha taxa de desemprego do 23,7%, segundo datos do INE. Isto supón que, ao peche do pasado ano, 5.457.700 españois non dispuñan de emprego a pesar de buscalo de forma activa, o que nos sitúa como o segundo país da UE por taxa de desemprego, só superado por Grecia, cunha taxa do 25,9% (segundo datos de Eurostat).



Non obstante, segundo as previsións do Goberno e doutras institucións nacionais e supranacionais, a tendencia vai camiño de cambiar. Se se cumpren as súas expectativas, nos vindeiros anos poderemos ver unha redución significativa da taxa de desemprego e unha reactivación efectiva do mercado de traballo. Porén, está por ver a calidade do emprego xerado e como se superarán os principais retos que presenta o noso mercado laboral (que non son poucos nin sinxelos de resolver).

En primeiro termo está o reto que supón reducir a taxa de **desemprego xuvenil** máis alta da Unión Europea (do 51,8% para o cuarto trimestre de 2014). Así, 5 de cada 10 traballadores menores de 25 anos teñen serias dificultades para atopar un emprego, algo realmente serio

tendo en conta que falamos da xeración máis preparada da historia do noso país.

Así mesmo, está por ver que facemos co **desemprego de longa duración**, un dos máis avultados da Unión Europea. Segundo datos de Eurostat, o 53,4% dos parados españois levan máis dun ano en situación de desemprego. Tendo en conta que a medida que a situación de paro se prolonga vai producíndose un efecto de obsolescencia no individuo (o cal deriva nunha perda de capital humano e nun desaxuste de cualificacións entre o que o mercado pide e o que o traballador pode ofrecer), o problema non é nada sinxelo de amañar. Á marxe quedan os efectos económicos, sociais e psicolóxicos que o paro de longa duración trae consigo e que levaría un bo anaco analizar polo miúdo.

Non podemos esquecer, tampouco, o problema que supón o **subemprego** e, por tanto, a precariedade laboral. Segundo datos de Eurostat, España é líder europeo por número de traballadores que están dispostos a traballar máis horas (e desexan facelo), pero non poden xa que non atopan un traballo que se adapte ás súas necesidades. Ao mesmo tempo, tamén resulta preocupante o número de traballadores que desenvolven traballos que non se adaptan ao seu nivel de cualificación. Así, a pregunta resulta obrigada: que tipo de emprego estamos creando?

Unha nova fronte ábrese -tamén- no eido das **migracións**. Deste xeito,

semella que a adición das anteriores circunstancias está a estimular a emigración de poboación desde España cara aos países máis desenvolvidos do norte europeo. Ademais, os datos indican que o groso desa corrente migratoria está formada por mozos e mozas cun nivel de formación medio-alto, o que torna o problema máis grave aínda, xa que supón unha importante perda do inxente investimento en capital humano realizado durante as últimas décadas. De feito, a estatística de variacións residenciais elaborada polo INE pon de manifesto que o número de españois que deixou España para pór rumbo a Alemaña se multiplicou por catro entre 2006 e 2013. Para mostra un botón.

Os indicados son só os retos máis urxentes, pero non os únicos. Os xa típicos problemas de dualidade e elevada temporalidade do mercado laboral español (a meirande de Europa), a inexistencia dunhas políticas activas de emprego que resulten eficaces e equiparables ás do resto de Europa, a ausencia dun modelo de negociación colectiva eficiente etc. tamén están a lastrar o correcto funcionamento do mercado de traballo nacional.

O mercado laboral español está roto e non podemos deixar pasar máis tempo para introducir as medidas correctoras que tanto necesita. Está en xogo o noso futuro.

*Rubén Seoane García  
Graduado en Economía pola UDC  
Estudante do Mestrado Universitario  
Oficial en Banca e Finanzas na UDC*

## Bangor



O pasado mes de decembro tiven a honra de visitar a Universidade de Bangor (Gales), no marco do programa Erasmus destinado ao persoal de administración e servizos. Cada nova experiencia deste tipo enriquecéme dunha maneira extraordinaria, achegándome novos puntos de vista e novos coñecementos que aumentan a miña bagaxe persoal e profesional. Non podo máis que animar aos estudantes e aos traballadores e traballadoras desta universidade a se prepararen, a saíren a adquirir estas habilidades, que despois se reflicten no día a día do noso traballo. Non encontro mellor maneira de entender o que está a pasar neste mundo que velo cos teus propios ollos.

Bangor é unha vila de pouco máis de 14.000 habitantes (unha poboación menor que a do barrio de Monte Alto), onde se ergue unha universidade que foi fundada en 1.884 e que se desvinculou da Universidade de Gales no ano 2.007. Posúe na actualidade 11.000 estudantes, o que provoca que

durante o curso escolar practicamente se duplique a poboación desta vila. Con estas cifras a universidade convértese no seu auténtico motor e centro universitario do norte de Gales, o cal substitúe a pesca e, sobre todo, o cultivo do mexillón, que foron historicamente as ocupacións maioritarias da súa poboación.

O obxectivo desta visita foi, entre outras, a de comprobar de primeira man, como se está a ensinar a nosa lingua entre o alumnado desta universidade. Non puido ser máis gratificante, saber que hai xente que máis aló da histórica rémora da morriña, defende a nosa lingua alí onde está, conseguindo con isto fortalecela da mellor maneira posible: ensinándoa, expandíndoa.

O módulo de galego que se imparte na Universidade de Bangor inclúe o coñecemento da lingua galega, pero tamén a historia e a literatura contemporánea galegas. Ademais, ofrecéelles aos estudantes a posibilidade de visitaren Galicia no eido da colaboración cos campus de

verán das universidades galegas ou como auxiliares de conversa en centros de primaria e secundaria.

Sorprendeume o interese, a máis que destacada aceptación que está a ter o **módulo de galego** que se imparte e o nivel que acada o alumnado. Medra en todos eles e elas a curiosidade sobre a nosa terra, as ganas de visitala e o ímpeto en entenderen e aprenderen a falar a nosa lingua.

Desde a perspectiva económica, financeira e empresarial en que nos atopamos, e onde se busca a rendibilidade alí onde non se pode rendibilizar e os beneficios por riba de todo, preguntome en canto podemos valorar este labor de difusión do galego? **Canto vale non deixar morrer a nosa historia?**

*Roberto Rodríguez  
PAS Facultade de Economía  
e Empresa*

## Mestrado en Dirección e Administración de Empresa (MBA)

### A quen vai dirixido?

O/a estudante do Mestrado en Dirección e Administración de Empresas (MBA) será preferentemente graduado/a en Administración de Empresas, Ciencias Empresariais ou Economía. Así mesmo, está orientado a calquera titulado universitario que pretenda desenvolver a súa actividade profesional no mundo da xestión de empresas.

### Que obxectivos persegue?

O MBA ten como obxectivo o desenvolvemento nos estudantes dun conxunto de competencias básicas a partir das que se detallan competencias xerais e específicas:

- Posuír e comprender os coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de seren orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas a contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
- Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
- Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e as razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

Pódese consultar a listaxe completa de competencias na páxina web do mestrado.

<http://www.economicas.udc.es/contenido.php?idpag=301017&idcon=pag20130425162949>

### Contidos

CONTIDOS	1º CUADRIMESTRE	2º CUADRIMESTRE
Análise do Contorno	3 ECTS	
Dereito de Empresa	3 ECTS	
Dirección de Marketing	6 ECTS	
Dirección Financeira	6 ECTS	
Dirección Xeral	6 ECTS	
Talleres de Directivos	3 ECTS	3 ECTS
Xogo de Empresa	3 ECTS	3 ECTS
Dirección de Recursos Humanos		3 ECTS
Xestión da Empresa Familiar		3 ECTS
Sistemas de Información. Xestión das TIC		6 ECTS
Prácticas en Empresas		6 ECTS
Traballo de Fin de Mestrado		6 ECTS
Total ECTS	30 ECTS	30 ECTS

**Prácticas en empresas**

Unha parte importante do MBA son as prácticas en empresas que permiten ofrecer ao alumnado unha formación complementaria á actividade lectiva. Neste sentido, estableceranse convenios coa finalidade de que todos os estudantes poidan realizar unha estadía dun mes (6 ECTS) para lles dar a oportunidade de pór en práctica os coñecementos adquiridos. Co obxectivo de que a estadía acadese os mellores resultados, as prácticas serán titorizadas por profesores do mestrado. Estes manteranse en contacto cos responsables da empresa de acollida.

As prácticas poderán realizarse en paralelo e en horario compatible coa asistencia ao mestrado. Deberán ter sempre carácter formativo e non deberán supor a cobertura de ningún posto de traballo da empresa que oferta a práctica. Para a realización da práctica será necesario subscribir o correspondente convenio de

ficadora do Noroeste, SA e coas empresas pertencentes á Asociación Galega da Empresa Familiar. Alén disto, a Facultade de Economía e Empresa conta con convenios xa asinados con 124 empresas para a realización de prácticas.

Metodoloxía do caso e talleres de directivos

Consonte ao exposto anteriormente, o MBA ten como unha das súas

aplicada baseada en formadores profesionais responsables de dirixir os casos propostos aos alumnos. O obxectivo básico é que o MBA chegue a ser un paso intermedio entre a formación académica e a empresa. Para isto, téntanse establecer as vías de colaboración que posibiliten tanto o acceso ao mercado laboral, como o cambio de dirección no devandito mercado.

Por tanto, os titulados do MBA estarán capacitados para ocupar postos directivos en empresas e organizacións na xestión das distintas áreas funcionais, así como para desenvolveren iniciativas na creación de empresas.

Máis información:

Coordinador: Rafael María García Rodríguez


Facultade de Economía e Empresa

Campus de Elviña, 15071

<http://www.economicas.udc.es/contentido.php?idpag=301017&idcon=pag20130425162949>

Tel: +34 981 16 70 00/ Ext. 2530

E-mail: rgarcia@udc.es



metodoloxías centrais a do caso. Como complemento, impartiranse os talleres de directivos, onde os estudantes discutirán cos directores dos casos a situación, as decisións recomendadas e os resultados acadados. Nestes talleres directivos das empresas colaboradoras co MBA comentarán as diferentes problemáticas e situacións que teñen que afrontar dentro da súa actividade cotiá.

Cales son as saídas profesionais?

Un dos alicerces fundamentais do MBA consiste na colaboración constante con empresas, institucións empresariais e directivos profesionais. A formación está totalmente dirixida á práctica e proba diso é a metodoloxía docente

*Un dos alicerces fundamentais do MBA consiste na colaboración constante con empresas, institucións empresariais e directivos profesionais.*

cooperación educativo, segundo o modelo da UDC.

Nestes momentos atópanse moi avanzados os preacordos para a realización de prácticas coa Regasi-



# Mestrado Oficial en Banca e Finanzas

## Objetivos

O Mestrado Oficial en Banca e Finanzas é un completo programa que persegue proporcionar unha formación financeira avanzada e actual.

O alumnado adquirirá amplos coñecementos sobre o sistema financeiro, mercados de capital, instrumentos financeiros e funcionamento das entidades bancarias. Así mesmo, coñecerá diversas ferramentas matemáticas e informáticas que lle permitirá desempeñar múltiples tarefas relacionadas coas finanzas de mercado e empresariais.

## A quen vai dirixido

O Mestrado vai dirixido ao estudante egresado de titulacións de contido económico e empresarial, a profesionais que busquen actualizar ou ampliar os seus coñecementos e a titulados/as en Dereito, Matemáticas, enxeñarías, Xornalismo ou calquera outra titulación con demanda no sector da banca e as finanzas.

## Contidos

O Mestrado consta de 60 créditos ECTS repartidos entre as seguintes materias:

- ✓ Sistema Financeiro
- ✓ Mercados Financeiros
- ✓ Macroeconomía
- ✓ Banca
- ✓ Mercadotecnia Financeira
- ✓ Dereito da Intermediación Financeira
- ✓ Técnicas Estatístico-económicas Aplicadas
- ✓ Valoración Financeira
- ✓ Valoración de Activos Financeiros
- ✓ Instrumentos Financeiros Derivados
- ✓ Análises e Xestión de Riscos
- ✓ Contabilidade de Entidades e Instrumentos Financeiros
- ✓ Fiscalidade de Operacións e Instrumentos Financeiros
- ✓ Sistemas de Información
- ✓ Tese de Máster
- ✓ Prácticas en Empresa



## Prácticas en empresas

Unha parte importante do Mestrado son as prácticas en empresas e entidades financeiras orientadas a ofrecer unha formación complementaria á estrita actividade lectiva.

Os convenios subscritos con empresas e institucións financeiras permítenlle ao alumnado realizar prácticas tuteladas en que ten a oportunidade de aplicar parte dos coñecementos adquiridos no mestrado, á vez que se adestra para acceder con garantías de éxito ao mercado laboral.

## Saídas profesionais

Alguns dos perfís profesionais aos que se orienta a formación proporcionada por este mestrado son:

- ✓ Analista financeiro
- ✓ Xestor de patrimonios
- ✓ Asesor de investimentos
- ✓ Operador intermediario
- ✓ Executivo de banca
- ✓ Director financeiro



Coordinadora: Begoña Álvarez García  
[master.bancafinanzas@udc.es](mailto:master.bancafinanzas@udc.es)

# Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas

## A quen vai dirixido?

Graduados/as en Administración de Empresas, en Ciencias Empresariais ou en Economía; licenciados/as en Administración de Empresas, en Ciencias Empresariais, en Ciencias Económicas ou en Economía; diplomados/as en Ciencias Empresariais; Outros titulados en ciencias Sociais interesados en adquiriren

coñecementos especializados en contabilidade e auditoría de contas.

Límite máximo de admisión: 30 prazas

## Obxectivos

Acadar a formación necesaria para o desempeño de actividades profesionais por conta propia ou allea na área da contabilidade e da auditoría

de contas. O plan de estudos comprende as materias referidas na Resolución do 12 de xuño de 2012 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC), para efectos da súa validación como primeira fase das probas de acceso á inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) e ao pleno exercicio da profesión regulada de auditor de contas.

## Contidos

Plan de estudos (contido mínimo):\*

Primeiro cuadrimestre (30 ECTS)

1.	Fundamentos de Auditoría	6 ECTS
2.	Procedementos de Auditoría	6 ECTS
3.	Informes de Auditoría	6 ECTS
4.	Contabilidade Superior I	6 ECTS
5.	Normas Internacionais de Información Financeira	3 ECTS
6.	Prácticas en Empresas	3 ECTS

Segundo cuadrimestre (30 ECTS)

7.	Contabilidade Sectorial	6 ECTS
8.	Contabilidade Superior II	6 ECTS
9.	Tecnoloxías de Comunicación e Sistemas Informáticos para a Contabilidade e a Auditoría	6 ECTS
10.	Seminarios de Actualización Contable	3 ECTS
11.	Prácticas en Empresas	3 ECTS
12.	Traballo de Fin dee Mestrado	6 ECTS

Cada crédito ECTS equivale a 8 horas de clase presencial.

## Complementos formativos:

Os complementos formativos non son obrigatorios para quen acceda ao mestrado cunha titulación homologada polo ICAC.

Noutro caso, dependendo da titulación de acceso poderá requirirse ao alumnado que curse ata un máximo de 7 materias de complementos formativos.

## Prácticas en empresas

As prácticas en empresas ou despachos profesionais son obrigatorias e representan 6 créditos ECTS equivalentes a 100 horas de formación.

## Saídas profesionais

No sector privado: auditor de contas, auditor interno, responsable da contabilidade de empresas de todos os sectores de actividade, controller. director financeiro de entidades non lucrativas.

No sector público: interventor-auditor de contas do Estado ou da Comunidade Autónoma, inspector de Facenda, inspector do Banco de España, interventor da Administración local. Doutoramento en Contabilidade e Auditoría de Contas.

Coordinador:

Fernando Ruiz Lamas

<http://mucsac.fernandoruizlamas.es/>


## Os tesouros da **British Library**

Se tedes pensado ir a Londres proximamente, un lugar fantástico para visitar é, sen dubida, a British Library. Trátase dunha das bibliotecas máis importantes do mundo, cunha colección que supera os 150 millóns de exemplares, que inclúe, ademais de libros, outros materiais como manuscritos, mapas, xornais, revistas, debuxos e gravados ou partituras.

Aínda que nas súas orixes formaba parte do British Museum, foi medrando principalmente no pasado século ata constituírse na biblioteca Nacional do Reino Unido, polo que recibe un exemplar de todo o publicado neste país, o que resulta nun crecemento anual de 3 millóns de exemplares.

A sede principal está situada moi preto das estacións King Cross/St. Pancras, no distrito de Camden na zona norte do centro de Londres e

Neste edificio é onde podedes visitar a súa espectacular colección de tesouros. A exposición mostra de xeito gratuito e permanente xoias da historia da humanidade como o *Diamond Sutra*, o libro impreso máis antigo que se coñece, atopado na China e datado no ano 868 d.C. ou o *Codex Sinaiticus*, copia en grego do Novo Testamento do século IV. A totalidade da colección é realmente impresionante: unha Biblia de Guttemberg de 1455, a Carta Magna, debuxos e notas de Leonardo da Vinci e primeiras edicións das obras de Shakespeare. Tamén podemos ver partituras de Beethoven, Haendel e Mozart (mesmo un acordo da voda deste último), os manuscritos de Jane Austen, coas súas lentes e o seu escritorio, así como os orixinais de *Alicia no país das marabillas* de Lewis Carroll. Destacan, tamén, textos de científicos, caso de Darwin, o diario do



Como peche da exposición, teremos a oportunidade de escoitar algunhas das mellores e máis emblemáticas cancións dos Beatles como *Yesterday*, a máis versionada da historia, *Help*, *Michelle*, *A Hard Day's Night*... mentres vemos a súa letra orixinal escrita por John Lennon ou Paul McCartney nun anaco del papel.

Estamos certos de que será unha visita que non esqueceredes.

*Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa*



constitúe, segundo informa a súa páxina web, o edificio público máis grande construído no Reino Unido no século XX.

Capitán Scott da súa expedición ao Polo Sur ou un manuscrito de Sigmund Freud que trata sobre o poder dos sonhos.

## Normativa de permanencia de estudantes de grao e mestrado na udc

Esta norma, aprobada polo Consello Social o día 27 de marzo de 2014, pretende exercer a responsabilidade social dunha institución de educación superior, compatibilizar o estudo co adecuado aproveitamento dos fondos públicos destinados á formación universitaria, promover un progreso académico ordenado e con maior rendemento académico, e implicar o alumnado no avance e progreso dos seus estudos.

O seu obxecto é regular a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario da UDC.

Os estudantes da UDC poden cursar estudos a tempo parcial e a tempo completo, de acordo co establecido na Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC.

Esta normativa de permanencia non se aplica para estudantes matriculados:

- en titulacións conxuntas, que se rexerán co que estableza o convenio ou a memoria de verificación da titulación correspondente,

- en titulacións non destinadas á obtención dunha titulación oficial ou en titulacións oficiais ao abeiro de programas de formación continuada,

- en titulacións reguladas por programas de simultaneidade, que se rexerán polo programa que lles corresponda, e

- aqueles que participen en programas de mobilidade, durante o ano que curse estudos noutras universidades.

### Número de créditos que se deben superar\*

Para poder continuar os estudos, na mesma titulación no curso seguinte, os estudantes de grao de primeiro curso por primeira vez deberán superar nese curso académico, polo menos **12 créditos** (en matrícula a

tempo completo) ou 6 créditos (en matrícula a tempo parcial).

De non cumprir estes requisitos, poderá admitirse de novo a matrícula no seguinte curso académico, pero neste caso deberá superar un mínimo de **36 créditos obrigatorios** do primeiro curso para matrícula a tempo completo ou 18 no caso de matrícula a tempo parcial.

Os estudantes de mestrado de primeiro curso por primeira vez deberán superar nese curso académico 18 créditos se a súa matrícula é a tempo completo ou 12 créditos se é a tempo parcial.

### Avaliación e número de convocatorias\*

O número máximo de convocatorias de que dispón o/a estudante para superar a avaliación dunha materia de grao é de **catro**; nos mestrados é de dúas.

Coa formalización da matrícula, en cada curso académico dispónse dunha única convocatoria con **dúas oportunidades** de avaliación, que se realizarán segundo o calendario académico ou norma que corresponda. No cómputo de convocatorias non se terán en conta aquelas en que figure "Non presentado (NP)".

### Permanencia e progresión

O estudante de continuación de estudos de grao a tempo completo deberá matricularse respectando o número máximo de créditos autorizado, incluíndo todos os créditos de formación básica e obrigatoria, daqueles cursos académicos anteriores que non teña superados.

### Desistencia e anulación de matrícula

O dereito á **desistencia total** da matrícula con dereito a devolución dos prezos públicos aboados será

estimada se se solicita nos prazos previstos na Normativa de xestión académica de cada curso académico (para o curso 2014/2015 o prazo rematou o 28 de novembro de 2014). A solicitude preséntase ante o decano ou director do centro.

A solicitude de **desistencia parcial de matrícula en materias do segundo cuatrimestre**, motivada por causas sobrevidas e acreditadas de forma fidedigna, deberá presentarse no prazo que estableza a NXA (no curso 2014/2015 podíase solicitar nos 15 días anteriores ao remate das probas de avaliación de materias do primeiro cuatrimestre). A solicitude preséntase ante o reitor.

\*A disposición transitoria da Normativa de permanencia establece que aos estudantes de grao e mestrado, matriculados no curso académico 2012/2013 e anteriores, non se lles terán en conta os límites de permanencia establecidos nos artigos 3 e 4 desta normativa, senón que lles serán de aplicación as condicións polas que iniciaron os seus estudos, ata o curso académico 2019/2020, cando si deberán adaptarse a estas normas.

Fonte: [http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/PERMANENCIA.pdf](http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/PERMANENCIA.pdf)

**Nota:** Esta información é orientativa e está elaborada segundo a normativa vixente no momento en que a publicamos; a Normativa de xestión académica, que se publica cada curso académico, así como a elaboración de nova normativa e instrucións poden introducir cambios.

Administración da Facultade de  
Economía e Empresa

**RS** UDC  
2012